

Luns, 30 de Xaneiro de 2006

Nova

O CESGA convértese no primeiro centro de España recoñecido co certificado de calidade ISO 9001:2000



O [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (CESGA) é o primeiro

centro de España que acada unha certificación de calidade pola súa xestión. Así se fixo saber esta mañá en Santiago, na sede que o CESGA ten no Campus Sur, nunha reunión cos medios que contou coa presenza de Salustiano Mato, director xeral de I+D e Javier García Tobío, director xerente desta entidade galega. A xuntanza serviu, entre outras

cousas, para presenta-lo recoñecemento co que abrimos esta nova, que consiste na certificación ISO 9001:2000 entregada pola auditoría Det Norske Veritas (DNV).

En representación desta entidade acudiu Luís Alejandro, delegado en Galiza de DNV, quen explicou polo miúdo a razón pola que o CESGA recibe este recoñecemento: por garantir cos seus sistemas de xestión a mellora da calidade dos servizos e produtos que empresta. Sinalar que o certificado de calidade ISO 9001:2000 foi creado pola Organización Internacional para a Estandarización e que, no eido europeo, tense entregado moi poucas veces, e ningunha no ámbito español, ata o de agora. Segundo o CESGA, a consecución deste certificado supón fornece-los seus obxectivos, orientados cara á promoción de servizos de apoio á investigación e o desenvolvemento no sector das novas tecnoloxías, así como servir de ferramenta de primeira orde en operacións de cálculo intensivo e comunicacións.


Entrevista



Enrique Varela

director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación

Firma convidada



Rede Compostela Wireless

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica

